



CURSOS GRATUITOS NA ESCOLA DE MÚSICA MUNICIPAL DE TUI

O Conservatorio Profesional e a Escola de Música de Tui organizan este verán uns cursos de iniciación musical para nenos e nenas de entre 5 e 10 anos, **que son totalmente gratuítos**, e que se realizarán entre os días mércores 23 e mércores 30 de xuño, en horario de mañá (horario por determinar). Os alumnos de entre 7 e 10 anos poderán probar ata tres instrumentos diferentes da súa elección.

Por outra parte, para os máis pequenos, de entre 5 e 6 anos, a actividade consistirá nun acercamento á música dende un punto de vista totalmente lúdico baseado no xogo, baile e canto (Música e Movemento).

Máis información e matrícula en:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/cmusprofesionaltui/node/481>

ou chamando ao: 986 60 44 04 ou 687 249 957

O prazo de matrícula remata o venres 18 de xuño.

